

TFE 2024

TAMARA SOTO SOTO

CLARINETE



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA

RECITAL: 11 de xullo ás 19:30h no Auditorio Andrés Gaos
EXPOSICIÓN E DEFENSA: 11 de xullo ás 18:00h na biblioteca

PROGRAMA

CONCERTO NO.2 EN Mib MAIOR, OP.74 – Carl Maria von Weber

- Allegro

-Romanze

-Polacca

PREMIÈRE RHAPSODIE – Claude Debussy

SONATINA PARA CLARINETE E PIANO – Joseph Horovizt

-Allegro calmato

-Lento, quasi andante

-Con brio

MANUEL DE QUINTAS – Sergio Rodríguez Pena

(estrea absoluta)

Tamara Soto Soto, clarinete
Paula Gago Otero, piano

Notas ó programa

Concerto No.2 en Mib Maior, Op.74 – Carl Maria von Weber

Esta obra foi escrita no ano 1911, nunha longa estancia do compositor en Munich, por encargo do rei Maximiliano I de Baviera, para o clarinetista Heinrich Joseph Bärmann. Este concerto consta de tres movementos e ten unha duración de vinte e catro minutos:

I. Allegro en mi bemol mayor

II. Adagio con moto en sol menor

III. Alla Polacca en mi bemol mayor

O modelo instrumental polo que se rexeu esta obra foi a orquestra clásica con ventos a dous e clarinete en *si bemol* solista: 2 frautas, 2 óboes, 2 fagots, 2 cornos en *mi*, 2 trompetas en *mi*, 2 timbais e instrumentos de corda (violíns, violas, violonchelos e contrabaixos).

Carl Maria von Weber foi un compositor do período romántico, director de orquestra e pianista alemán. Coa súa ópera *El cazador furtivo*, marcou o inicio da ópera romántica alemá, demostrando que unha ópera nacionalista podía basearse en contos e melodías populares. Weber foi admirado por Beethoven e influíu moito na obra de Richard Wagner.

Première Rhapsodie – Claude Debussy

Esta obra foi escrita entre decembro de 1909 e xaneiro de 1910 polo compositor e pianista francés Claude Debussy, con dedicatoria ao profesor de clarinete do Conservatorio de París, Prosper Mimart. A súa estrea foi o 14 de xullo de 1910 como parte dos exames de acceso de clarinete do Conservatorio de París, pero cabe resaltar que a súa estrea oficial foi o 16 de xaneiro de 1911 na Salle Gaveau de París, polo clarinetista Mimart. Debussy quedou tan encantado con esta interpretación, que anque a obra estaba escrita para clarinete e piano, animouse a adaptala para clarinete e orquestra ese mesmo ano. Esta Rhapsodie é a única obra de repertorio impresionista para clarinete solista, onde salientan as calidades do clarinete como a súa axilidade para tocar ou a paleta de cores sonoras deste instrumento, fuxindo do son convencional e así obter o ambiente musical típico do compositor.

Claude Debussy foi un innovador da escena musical, disolveu as normas e as convencións tradicionais creando un novo linguaxe en canto a harmonía, ritmo, forma, textura e timbre. Entrou no Conservatorio de París aos doce anos para estudar piano, pero frustráronse as súas aspiración de facer unha carreira como concertista .

“Non é necesario que a música faga pensar as persoas...., sería suficiente con que as fixera escoitar” Claude Debussy, 1900.

Sonatina para clarinete e piano – Joseph Horovizt

Esta obra foi composta en 1931 polo compositor austríaco Joseph Horovizt, escribiuna como resultado da súa amizade co clarinetista Gervase de Peyer. A sonatina consta de tres movementos:

I. Allegro calmato

II. Lento, quasi andante

III. Con brio

O propio Horovizt fixo unha descrición da mesma:

"Esta Sonatina es alegre y respeta el modelo tradicional de división en tres movimientos. El primero, en forma sonata clásica, se concentra en el registro medio del clarinete, principalmente lírico, sobre un ondulante fondo de piano. El segundo movimiento es una estructura de lied A-B-A que emplea algunos de los notas graves del instrumento de viento en una larga cantilena sobre un lento acompañamiento acórdico. El último movimiento es una especie de rondó que alterna dos temas en proporciones iguales, explotando el registro agudo del clarinete. El lenguaje armónico de toda la obra es obviamente tonal y, como la mayoría de mis últimas composiciones, la Sonatina está muy influenciada melódica y rítmicamente por el jazz y otras músicas populares. Requiere el mismo virtuosismo por parte de ambos ejecutantes."

Joseph Horovizt foi un compositor e director de orquestra británico, nacido en Austria no seno dunha familia xudía e tivo que emigrar a Inglaterra fuxindo dos nazis. Alí estudou piano e entrou no Royal College of Music de Londres para estudar composición con Gordon Jacob. Horovizt é un compositor de gran versatilidade, creatividade e comunicación en todos os seus estilos.

Manuel de Quintas – Sergio Rodríguez Pena

(estrea absoluta)

Manuel de Quintas é unha pequena peza de corte tradicional encargada por Tamara Soto Soto como agasallo a súa parella e compañeiro de vida Manuel Martínez Castro. *"Es o día a día máis bonito que a vida me regalou. Grazas por estas sempre ao meu carón"*.

A peza consta dunha introdución con ritmo de alborada e unha segunda sección con ritmo de pasodobre galego tradicional. Está escrita para cuarteto de música tradicional formado por: gaita, clarinete e percusión.

Sergio Rodríguez Pena é un oboísta e compositor galego, que recibiu clases de Manuel Paino e Fernando Buide. Asistiu a masterclass con reputados mestres como Ferrer Ferrán ou Andrés Valero-Castells e as súas obras foron estreadas en diferentes puntos da xeografía galega

Biografía:

Tamara Soto Soto

Natural de Piloño, unha parroquia do Concello de Vila de Cruces, lugar onde tivo o seu primeiro contacto co mundo das artes a través da Fundación Paco Lareo A Solaina de Piloño, na que a día de hoxe forma parte do Padroado Cultural.

Con 11 anos comeza os seus estudos musicais na Escola de Música Municipal de Vila de Cruces, pasando a formar parte da agrupación Unión Musical de Ponteledesma. No ano 2013 comeza os seus estudos profesional no CMUS de Lalín, co profesor José Luís Taboada Areán. Alí recibe cursos de dirección orquestral da man de Bram Sniekers e Isabel María Rubio Molina. No ano 2017 comeza a estudar o Grado de Música na Universidade Internacional de la Rioja. No ano 2019 comeza os seus estudos Superiores no CSM Coruña no itinerario de clarinete, coa profesora Marta Sancho Andrés.

Forma parte da Banda Sinfónica Galega dende o ano 2015, baixo a batuta de David Fiuza, Jan Cober ou Johan de Meij no WMC de Kerkrade, Holanda. Foi membro da Orquestra Sinfónica da Universidade de Santiago de Compostela. Colaborou en varios proxectos musicais coa Banda Municipal de Santiago, así como diferentes bandas de toda a xeografía galega. Asistiu a Masterclass cos profesores: Vicent Alberola, Carlos Ferreira, Lorenzo Coppola, Darío Mariño, Sérgio Pires, Vítor Matos, Emilio Espasantín, Javier Balaguer, Francisco Javier Morgade, Xocas Meijide, Cristo Barrios, Gerald Kraxberger entre outros.

Actualmente é profesora na Escola Municipal de Santiago de Compostela, Escola Municipal de Ordes, Banda Escola de Música de As Pontes, Escola de Música de Arca e Escola de Música de Vilatuxe. Compaxina a súa actividade laboral co proxecto pedagóxico “O medidor musical das emocións” do dúo de clarinetes 2 Pingas Musicais.

Agradecementos:

Este recital está dedicado a persoa pola que son música e por quen escollín o clarinete, miña irmá Adriana, a estrela máis bonita do ceo. Grazas a todos os profesores e profesoras que me ensinaron e axudaron neste percorrido tan longo, facendo mención especial a Marta Sancho Andrés, que tanto me apoiou nestes cinco anos. Grazas a todos os compañeiros e amigos que me regalou Coruña, en particular e a música en xeral, sodes casualidades fermosas na miña vida. Grazas a miña banda a Unión Musical de Ponteledesma, a miña segunda familia, por tan bos momentos en especial a Roberto Hermida Rey por ensinarnos a encontrarlle o xeito a música. Aos meus compañeiros de traballo e alumnado, oxalá aprendades tanto de min, coma eu de vos. A miña fada madriña, Zoraida Chao por axudarme a brillar. A miña familia, os Sotos e Sotiños, sen o voso cariño nunca sería a persoa que son hoxe. A meus padriños Suso e Lucía, por estar ahí. A Pili, Donsinda, Dani e Diego por ser a familia que atopei polo camiño. A Sandra e toda a familia Quinteiro Iglesias, por quererme tanto. As miñas amigas e amigos, facendo mención especial aos que estades 365 día do ano: os meus compadres Rubén e Vane e os seu pequenos Raúl e a miña afillada Vera, sodes luz na miña vida. O Team da Rocha, Pau e Vane amigas incansables e loitadoras como ningunhas, ós meus Caldeiros, Silvia, Loga e Anxo, adórovos. Deixo para o final as tres persoas máis importantes da miña vida, Manuel, amigo, familia e compañeiro de vida, gracias por estar sempre tirando de min. A meus pais, Suso e Inés, espero que estades tan orgullosos de min, como eu o estou de vos, grazas por quererme, coidarme e educarme cos mellores valores, sodes o máis grande que teño, quérovos mil.

A música agasalloume con momentos moi fermosos e con persoas maravillosas. Saúde e ledicia.